

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 18

ano 3

setembro-outubro 2008

TÍTULO DE BARBEIRO FLEBOTOMIANO DE ALLARIZ



Despois de aprender o oficio cun barbeiro flebotomiano titulado, o veciño de Allariz **Juan de Castro**, que xa superaba os vinte e dous anos de idade, quixo establecerse pola súa conta. Pero para iso precisaba a preceptiva licenza oficial e para obtela viaxou a Madrid en 1591. Alí examinouse o día 20 de xuño dese ano ante Diego Ortega, **san-grador maior do rei**, protobarbeiro, e examinador maior dos barbeiros flebotomianos do Reino.

Na proba tivo que demostrar, entre outras cousas, os seus coñecementos do sistema circulatorio, indicando o número e tipo de venas “quales y quantas son, y en que lugares son, se reparten y de los nombres dellas y del modo de sangrar, sajar y echar ventosas y sanguijuelas y sacar dientes y muelas”. O aspirante “respondió bien y asperamente” ás preguntas que se lle formularon e, ademais, presentou un **informe** firmado por varias testemuñas no que aportaba proba da súa experiencia como aprendiz da arte da flebotomía durante máis de catro anos.

En atención a todo isto, foille expedida a **licenza** para “usar y exerçer el dicho arte de la flobotomía y poner dello su tienda pública en todas las çudades, villas y lugares de todos los dichos reynos y señoríos de Su Majestad”. Por último, e para poder recibir o título de barbeiro flebotomiano, Juan de Castro tivo que facer **xuramento** de que ía practicar esta arte “bien y fielmente” e que “a los pobres ará limosna en el llebar de su trabajo”.

Seguramente, o barbeiro de Allariz tornou fachendoso á súa terra con este **pergamiño orlado** coa cor vermella do sangue. E tamén é moi probable que o conservase como un ben prezado porque o seu modo de vida debeu depender en boa medida deste documento.

1591, xuño, 28. Madrid
Título de barbeiro flebotomiano de Juan de Castro, veciño de Allariz.
Orixinal; pergameo; escritura humanística; 434 x 343 mm
AHPOu. Juan de Castro, carpeta 3/19.

Títulos ou licenzas: documentos con data de caducidade

Esta parte da vida de Juan de Castro coñecémola grazas ao título que chegou ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) como encadernación dun protocolo notarial do ano 1672 procedente da escribanía allaricense de **Basilio Feijoo**.

Este tipo de títulos ou **cartas de licenza**, que acreditan unha capacitación e autorizan o exercicio dunha determinada actividade profesional, son documentos de carácter **persoal e intransferible**, de xeito que cando o titular falece perden todo o seu **valor xurídico**. Tras o pasamento de Juan de Castro, soamente se apreciou o **valor do material** que servía de soporte documental, neste caso pergamino, toda vez que o futuro valor histórico non adoitaba estimarse. Así, durante a Idade Moderna, e incluso ata mediados do século XIX, foi unha práctica frecuente a reutilización dos vellos pergamiños “reciclándoos” para **encadernar** as follas de papel de mazos e libros. Grazas a isto, o AHPOu conserva documentos de gran valor tales como pezas musicais medievais e modernas de grande interese, fragmentos de copias de códices como o *Calixtino* ou restos de incunables como o *Misal Auriense*.

En definitiva, a “reciclaxe” deste pergamiño como encadernación permitiu que sobrevivise o suficiente para que o paso do tempo dotase de **valor histórico** ao seu contido. No arquivo histórico volveu a ser tratado como título e non como unha simple encadernación, de maneira que a información plasmada nese soporte permite hoxe achegarnos a unha actividade en desuso como a flebotomía.

Un oficio regulamentado


Dende a Idade Media, a figura do **barbeiro sangrador** preséntasenos como un oficial intermedio que cumpría unha función sanitaria que ía dende a extracción dunha moa e a realización de sangrías, ata un simple afeitado. A súa función máis delicada e complexa era o exercicio da flebotomía, é dicir, a arte de evacuar sangue do corpo humano con fin terapéutico e a través de distintas técnicas.

Ata que a medicina académica abandonou os conceptos da **fisiopatoloxía galénica**, críase que o exceso de sangue no corpo (plétora) ou a súa corrupción (cacoquimia) podían ocasionar alteracións patolóxicas que era posible remediar a través de sangrías terapéuticas, é dicir, da evacuación mediante flebotomía do sangue excesivo ou alterado. A evacuación realizábase a través de distintas técnicas como aplicación de sameugas, ventosas, etc. e foi unha práctica sanitaria

habitual ata o século XIX.

O barbeiro sangrador e a arte da flebotomía

Durante as idades Media e Moderna o exercicio das “artes mecánicas” non se podía realizar libremente, senón que estaba sometido a unha serie de regulamentacións municipais e/ou da Coroa. Neste marco xeral, existiu unha especial preocupación dos poderes públicos por **regular** as actividades sanitarias a fin de controlar o seu exercicio profesional, incentivar as boas prácticas e combater o intrusismo.



Detalle do reverso do pergamiño do título no que aparece o ano do protocolo notarial que encadernaba e un texto en latín.

En tempos dos **Reis Católicos**, a raíz da Pragmática de Segovia de 9 de abril de 1500, iniciouse a distinción entre os simples barbeiros, dedicados a afeitar e a outros mesteres para os que non se precisaba someterse a **exame** de capacitación, e os barbeiros flebotomianos (sangradores) aos cales, a partir deste momento, se lles esixe un período de aprendizaxe práctico e uns determinados coñecementos que debían demostrar a través dunha proba realizada ante un examinador oficial. No texto do documento ao que se dedica este número de *Fronda* descríbese con detalle a forma desa proba e cales eran as técnicas que debían dominar este tipo de barbeiros.

Durante o período de capacitación profesional dun oficio “menestral”, o aprendiz adquiría o dominio da profesión no establecemento de alguén que xa tiña categoría de mestre na materia, para o cal adoitábase firmar previamente e ante notario un contrato ou **escritura de aprendizaxe** entre o mestre e o aprendiz ou o seu representante legal. De feito Juan de Castro o día que se examinou en Madrid “dixo que avía muchos años quel usava y practicava el arte de la flobotomía con barberos y maestros exsaminados en ella.”



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Ascensión Enjo Babío e Francisco Sandoval Vereas.
D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491